

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

Día: 15.06.2018      Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 15 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1.    Proposicións non de lei**

- 1.1           22248 (10/PNC-001807)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a igualdade nas prestacións entre o persoal que desenvolve as súas funcións no Servizo de Gardacostas, tanto estatutario coma externalizado  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018*
  
- 1.2           22845 (10/PNC-001831)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*
  
- 1.3           27651 (10/PNC-002144)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis  
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o incremento do continxente Erga Omnes de lombos de atún da Unión Europea, durante o período 2019-2021, para a industria conserveira  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018*
  
- 1.4           29457 (10/PNC-002344)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis  
Sobre o impulso polo Goberno galego dunha campaña de concienciación, en especial no período estival, en relación coa extracción de recursos marisqueiros sen permiso nos areais de Galicia por persoas usuarias e visitantes  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018*
  
- 1.5           30559 (10/PNC-002459)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Santos Queiruga, Carmen  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir

a recuperación do stock do polbo a medio e longo prazo, evitar a práctica do furtivismo respecto desa especie, así como paliar o impacto económico da súa veda para os traballadores afectados

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018*

- 1.6        31111 (10/PNC-002509)  
              Grupo Parlamentario de En Marea  
              Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis  
              Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de contaminación lumínica do litoral de Galicia  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018*
- 1.7        31125 (10/PNC-002512)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio  
              Sobre a elaboración polo Goberno galego no ano 2018 dun plan de choque para evitar a perda da poboación ocupada que está a padecer o sector pesqueiro, segundo os datos da Enquisa de poboación activa correspondente ao primeiro trimestre de 2018  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018*
- 1.8        31651 (10/PNC-002566)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Torrado Quintela, Julio e 4 máis  
              Sobre a elaboración e posta en marcha polo Goberno galego no ano 2018 dun plan especial de sostibilidade e aproveitamento da ría de Arousa cunha partida orzamentaria específica  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018



PARLAMENTO  
DE GALICIA

Marta Rodríguez Arias  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Julia Torregrosa Sañudo

EM

## **Vogais**

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 15.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 15.06.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 22248(10/PNC-001807)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a igualdade nas prestacións entre o persoal que desenvolve as súas funcións no Servizo de Gardacostas, tanto estatutario coma externalizado

*Publicación da iniciativa, 241, 17.01.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/01/2018 10:20  
Nº Rexistro: 22248  
Data envío: 05/01/2018 10:20:47.218

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a instar a Xunta de Galiza a dirixirse ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social para que modifique a actual normativa en vigor que determinan a redución da idade mínima de xubilación e coeficientes redutores da Mariña Mercante incluíndo ás embarcacións e buques de inspección, busca, salvamento e loita contra a contaminación adscritas ao servizo das administracións públicas cun coeficiente redutor do 0,35.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Gardacostas de Galiza foi creado a través da Lei 2/2004, para substituír ao anterior Servizo de Protección de Recursos que viña funcionando dende o ano 1990 e ten por finalidade a inspección, vixilancia e control das actividades reguladas pola Lei 11/2008, de 3 de decembro de pesca de Galiza, e o mesmo é o responsable de levar a cabo as actuacións necesarias para asegurar a protección dos recursos mariños, así como o apoio a flota galega mediante a realización de labores de busca, salvamento marítimo ou a prevención e a loita contra a contaminación do medio mariño.



Para desenvolver estas labores por mar conta con persoal especializado que desenvolven as súas funcións a bordo de 19 embarcacións rexistradas na 8ª Lista, distribuídas polas diferentes bases existentes ao longo de todo o litoral de Galiza e coas embarcacións: remolcador “Sebastián de Ocampo”; o buque de salvamento e apoio “Irmáns García Nodal”; o buque pesqueiro multipropósito “Valentín Paz Andrade”; e a patrulleira “Paio Gómez Chariño”, que foron privatizadas, externalizando as súas tripulacións, pasando o persoal do Servizo de Gardacostas a embarcar nelas para dirixir as actuacións de inspección, rastrexo de artes caladas ilegalmente, labores de busca, salvamento, loita contra a contaminación, emerxencias, etc.

As peculiaridades deste persoal son tales que o propio Ministerio de Fomento publicou a Orde FOM/3422/2011, de 4 de novembro, pola que se regula o despacho e enrole das embarcacións adscritas ao Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira de Galiza (hoxe Gardacostas de Galiza), aclarando que as unidades pertencentes ao Servizo estarán rexistradas na lista oitava do Real Decreto 1028/1989, de 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, dado que a actividade que realizan non ten por obxecto unha finalidade mercantil, en tanto que as súas tripulacións están formadas por profesionais do mar que teñen os debidos nomeamentos e poden desenvolver as súas funcións como persoal estatutario ao servizo da administración autonómica ou como laboral pertencente a empresas que prestan ditos servizos para a Xunta de Galiza.

Tendo en conta as misións encomendadas e a peculiaridade do medio en que teñen que desenvolverse, a operatividade das unidades esíxese que se dispoña dunha normativa específica, respecto do despacho das embarcacións, o enrole das tripulacións e outras circunstancias que posibiliten que as embarcacións do citado

Servizo poidan estar operativas en todo momento, ao efecto de facilitar a súa labor en cumprimento das misións encomendadas.

Normativa esta, que o propio Ministerio fai extensible as embarcacións adscritas a Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR), a Cruz Vermella, así como outras dependentes doutras comunidades autónomas.

A maiores, dado o traballo a desenvolver, este persoal está sometido a unha serie de peculiaridades, as cales veñen recollidas no Decreto 157/2005, do 26 de maio, sobre ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galiza que especifica que o seu réxime de traballo é de dispoñibilidade, realizando o traballo en quendas e con turnicidade, perigosidade, e celeridade nas súas actuacións. O que supón que este persoal traballa en turnos de oito horas, todo o ano; en quendas de mañá, tarde, noite; e en días normais e feirais ininterrompidamente.

Este persoal estatutario esta adscrito ao Réxime Xeral da Seguridade Social, a pesares de cumprir todos os requisitos do persoal embarcado: titulacións e certificados en vigor, figurar na lista de tripulantes, ter a libreta de navegación ao día, pasar o recoñecemento médico, etc. Na actualidade nin están inscrito no ISM, nin se lle recoñece ningunha protección.

Pola contra as tripulacións das embarcacións privatizadas do Servizo de Gardacostas: remolcador “Sebastián de Ocampo”, buque de salvamento e apoio “Irmáns García Nodal”, buque pesqueiro multipropósito “Valentín Paz Andrade”, e patrulleira “Paio Gómez Chariño, coas mesmas titulacións, certificados, etc. desenvolven as mesmas funcións a bordo, salvo ás competencias propias de axentes de autoridade dos membros deste Servizo, aplicándoselle uns coeficientes redutores

do 0,35 por ser tripulantes de buques de salvamento e loita contra a contaminación contratados por unha empresa privada.

Outro tanto acontece co persoal que desenvolve funcións de inspección pesqueira a bordo de embarcacións noutras comunidades autónomas, pero que en vez de ser persoal estatutario manteñen unha relación laboral coas administracións respectivas. A este persoal a Circular nº 4/2017 do Instituto Social da Mariña, de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar os inclúe, na terceira instrución, relativa a cuantía dos coeficientes redutores, no epígrafe 3.2 pesca (ao noso entender erroneamente xa que tiñan que estar no epígrafe 3.1 Mariña Mercante). Persoal laboral das Inspeccións pesqueiras das Comunidades autónomas, establecendo que son asimilables aos tripulantes de embarcacións de ata 10 TRB sempre que se encontren encadrados no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, recoñécéselle un coeficiente do 0,15.

Esta situación de discriminación xa foi demandada polo Partido Popular, o 6 de maio de 2016, presentando unha proposición non de lei que reclamaba un trato xusto, instando a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno do estado para que impulse as xestións e reformas normativas que se estimen precisas dirixidas a incluír o cadro de persoal dos Gardacostas de Galiza no Réxime Especial dos Traballadores do Mar, e en todo caso, garantir que poidan beneficiarse da aplicación dos correspondentes coeficientes redutores de cara a súa xubilación.

Medidas que non se adoptaron na última interpretación que tivo lugar coa publicación da Circular nº 4/2017 de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.

O que está levando ao persoal de Gardacostas de Galiza a reclamar os seus dereitos diante dos tribunais, os cales xa teñen emitido sentenza favorable incluíndo o período traballado de conformidade co Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro, e disposicións concordantes, e elo aínda que se teña cotizado no RXSS, circunstancia que considera o xuíz, que non é obstáculo para estimar a aplicación do COE.

Entendendo que de acordo ao Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro, polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, de acordo ao tipo de embarcación, e cuxo Capítulo I regula as actividades que determinan a redución da idade mínima de xubilación e coeficientes a aplicar nelas”, que o persoal estatutario que desenvolve labores de inspección, salvamento e loita contra a contaminación a bordo de embarcacións da Administración debería estar encadrados no Artigo 1. a) Mariña Mercante. E no epígrafe da escala de coeficientes redutores no apartado: 2º. Buques de carga, remolcadores de altura, plataformas petrolíferas e gas, buques de investigación oceanográfica e pesqueira, embarcacións e buques de salvamento e loita contra a contaminación: 0,35.

Polo tanto, dado que tanto se é persoal estatutario como externalizado, ambos desenvolven as súas funcións nas embarcacións que pertencen ao Servizo de Gardacostas, con funcións similares como membros da tripulación, pero complementadas para o persoal de Gardacostas coas de axente da autoridade. E dado que o Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro establece como novo criterio o tipo de buque no que o traballador desenvolve o seu servizo entendemos que a igual traballo debe corresponder igual prestacións polo que para non continuar coa actual discriminación, compre aplicar a interpretación correcta na correspondente Circular

do Instituto Social da Mariña as embarcacións da 8ª Lista, e así corrixir a actual discriminación do persoal estatutario embarcado nos buques das administracións.

Co obxectivo de emendar esta discriminación e apoiar esta xusta petición, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ó Goberno galego a impulsar as seguintes medidas:

1.- Dirixirse ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social para que modifique a actual normativa en vigor de xeito que nas actividades que determinan a redución da idade mínima de xubilación e coeficientes redutores da Mariña Mercante, se inclúan as embarcacións e buques de inspección, busca, salvamento e loita contra a contaminación adscritas ao servizo das administracións públicas.

2.- Requirit a aplicación dos coeficientes redutores ó persoal estatutario que desenvolve labores de inspección, salvamento e loita contra a contaminación a bordo de embarcacións da Administración, con carácter retroactivo, de acordo aos criterios da Mariña Mercante establecidos no Real Decreto 1311/2007, de 5 de decembro e da Circular nº 4/2017 de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, incluídos na instrución terceira: cuantía dos coeficientes redutores, apartado 3.1 mariña mercante, punto 2º Buques de carga, remolcadores de altura, plataformas petrolíferas e de gas, buques de investigación oceanográfica e pesqueira de 100 TRB ou máis toneladas de



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/01/2018 10:20  
Nº Rexistro: 2248  
Data envío: 05/01/2018 10:20:47.218

registro bruto (TRB), embarcacións e buques de salvamento e loita contra a contaminación cun coeficiente redutor do 0,35.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2018 10:19:33**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/01/2018 10:19:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2018 10:19:42**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/01/2018 10:20**  
**Nº Rexistro: 22248**  
Data envío: 05/01/2018 10:20:47.218

**Noa Presas Bergantiños na data 05/01/2018 10:19:45**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/01/2018 10:19:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/01/2018 10:19:55**

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 15.06.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 22845(10/PNC-001831)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino

*Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/01/2018 09:30  
Nº Rexistro: 22845  
Data envío: 11/01/2018 17:12:02.139

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ao impacto na ría de Arousa da reapertura dunha mina situada nos concellos de Touro e O Pino.

O 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. A intención deste proxecto é seguir explotando os xacementos abandonados no ano 1986 e engadir xacementos colindantes.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 698 Ha. 70% correspóndense con novas afectacións, só o 30% son terreos xa afectados pola anterior explotación.

Trátase dun proxecto con elevadísimos impactos negativos, tanto medioambientais, na saúde e económicos, o que fai que sexan innumerábeis as mostras de rechazo ao mesmo.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/01/2018 09:30  
Nº Rexistro: 22845

Data envío: 11/01/2018 17:12:02.139

A súa ubicación en plena conca do río Ulla ten feito saltar as alarmas na ría de Arousa, polo temor as graves consecuencias que no tecido socioproductivo da ría pode ocasionar a reapertura desta explotación mineira, xa que os cursos de auga da mina drenan cara o río, e polo tanto a contaminación que xere irá ao mesmo.

O río Ulla é o principal aporte de auga doce á ría e desemboca directamente nos bancos marisqueiros. O impacto medioambiental e no sector productivo, tanto marisqueiro como da pesca pode ser letal. A inmensa magnitude dos verquidos da actividade mineira e dos depósitos de almacenamento de residuos supoñen un risco evidente para a calidade das augas deste río e polo tanto do conxunto da ría, da que viven directamente trinta mil familias.

Por todas estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Consellería do Mar a que realice todas as actuacións precisas para:

Que non se autorice proxecto de explotación mineiro San Rafael, situado nos concellos de Touro e O Pino nº 2946, polos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial e coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos .



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/01/2018 09:30  
Nº Rexistro: 22845  
Data envío: 11/01/2018 17:12:02.139

Que se proceda á eliminación dos focos de contaminación de metais pesados da antiga mina, para como mínimo asegurar que esta explotación non compromete a calidade ambiental do río Ulla e da ría de Arousa.”

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2018 17:10:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/01/2018 17:10:52**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 22845**

Data envío: 11/01/2018 17:12:02.139

**Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2018 17:10:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2018 17:10:55**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2018 17:10:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2018 17:11:04**

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 15.06.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 27651(10/PNC-002144)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o incremento do continxente Erga Omnes de lombos de atún da Unión Europea, durante o período 2019-2021, para a industria conserveira

*Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018*

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, M<sup>a</sup> Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei en Comisión 8<sup>a</sup> Pesca e Marisqueo.

## Exposición de motivos

A industria transformadora do peixe, o clúster mar- alimentario de Galicia ten 113 anos de historia vencellados a Galicia. Malia que o seu ámbito de actuación é nacional a súa actividade concéntrase de forma maioritaria en Galicia. Conta con 254 empresas asociadas, dispón dun Centro Tecnolóxico sectorial de referencia, é líder a nivel mundial na transformación e comercialización de produtos da pesca e acuicultura e o seu volume de facturación ascende anualmente a mais de 7.300 millóns de euros. A estes datos hai que engadirlle o mais importante, e é que as empresas do sector empregan a mais de 25.000 traballadores de forma directa, dos que, mais do 60% traballan en Galicia.

Nese sentido, consideramos crucial que o Goberno de España se ocupe dos problemas do sector e que negocie ante a Comisión e o Consello Europeo o incremento das posibilidades de mercado e que o resultado desas negociacións teñan coma resultado un reparto xusto para a industria da Unión Europea e que se dea prioridade ás produción dos países comunitarios esixindo condicións de trazabilidade e responsabilidade social e ambiental nas producións das industrias europeas, así coma nas de terceiros países na súa comercialización no mercado comunitario.



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/03/2018 16:30  
Nº Rexistro: 27651  
Data envío: 09/03/2018 16:03:31.855

Pero todo iso non é suficiente. É ineludible a revisión á alza dos continxentes erga omnes da Unión Europea, libres de arancel, así coma a eliminación de trabas que entorpecen e alongan os trámites administrativos para permitir a entrada no territorio español e comunitario de produtos que, na maioría dos casos, son capturados pola nosa frota, polo que resulta indispensable para a boa marcha de nosa industria transformadora de produtos da pesca.

Por todos eses motivos, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o incremento do continxente de lombos de atún erga omnes da Unión Europea para o período 2019- 2021 de 25.000 Tm. Ao 0% a 36.000 Tm, ao 0% para a industria conserveira.”

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 09/03/2018 16:01:08**

**Teresa Egerique Mosquera na data 09/03/2018 16:01:19**

**Carlos Enrique López Crespo na data 09/03/2018 16:01:38**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/03/2018 16:01:51**

**Alberto Pazos Couñago na data 09/03/2018 16:01:59**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/03/2018 16:02:16**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/03/2018 16:30  
**Nº Rexistro: 27651**  
Data envío: 09/03/2018 16:03:31.855

**Marta Rodriguez Arias na data 09/03/2018 16:02:24**

**Daniel Vega Pérez na data 09/03/2018 16:02:41**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 15.06.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 29457(10/PNC-002344)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego dunha campaña de concienciación, en especial no período estival, en relación coa extracción de recursos marisqueiros sen permiso nos areas de Galicia por persoas usuarias e visitantes

*Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/04/2018 17:36  
Nº Rexistro: 29457  
Data envío: 16/04/2018 17:36:40.141

## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Carlos E. López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

O furtivismo constitúe unha lacra que vai máis alá do prexuízo económico que esta acción ilícita significa para quen vive legalmente da pesca e do marisqueo e para menoscabo dos seus ingresos.

Cómpre facer fincapé na importancia de implicar a toda a sociedade como aliada fundamental na loita contra esta lacra que abarca os eidos social, económico, sanitario e ambiental.

Dende este grupo político queremos aproveitar a ocasión para enxalzar a implicación do Servizo de Gardacostas na loita contra o furtivismo e agradecer ao seu persoal o importante labor que realiza para atallar esta problemática.

Un acto furtivo pode ser de moi diverso tipo e non ten porque identificarse unicamente con grupos de persoas mais ou menos organizadas. De feito, calquera acción de extracción do produto levada a cabo nos nosos areais por usuarios ou visitantes en períodos vacacionais, que non contén co correspondente permiso constitúe unha acción furtiva.

En moitas ocasións, a xente non é consciente do dano que fai con este proceder e por iso dende este grupo parlamentario consideramos necesaria un labor de concienciación social para acadar que se respecte o traballo de quen vive do recurso que o mar aporta, e que despois podemos desfrutar no prato.

Por tal motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover unha campaña de concienciación nos areais galegos, especialmente no período estival, que sirvan para



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/04/2018 17:36  
Nº Rexistro: 29457  
Data envío: 16/04/2018 17:36:40.141**

disuadir a aqueles usuarios e visitantes que as frecuentan e evitar así a substracción do recurso das nosas praias.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 16/04/2018 17:27:39**

**Teresa Egerique Mosquera na data 16/04/2018 17:27:48**

**Carlos Enrique López Crespo na data 16/04/2018 17:27:59**

**María Ángeles García Míguez na data 16/04/2018 17:28:08**

**Alberto Pazos Couñago na data 16/04/2018 17:28:14**

**Marta Rodríguez Arias na data 16/04/2018 17:28:25**

**María Soraya Salorio Porral na data 16/04/2018 17:28:34**

**Daniel Vega Pérez na data 16/04/2018 17:28:40**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 15.06.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 30559(10/PNC-002459)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a recuperación do stock do polbo a medio e longo prazo, evitar a práctica do furtivismo respecto desa especie, así como paliar o impacto económico da súa veda para os traballadores afectados

*Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada e voceira suplente **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 8ª**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Consellería de Mar tomou a decisión de vedar durante mes e medio a captura de polbo galego debido a situación do stock nas nosas costas.

A elevada demanda que o polbo ten en toda a xeografía galega, así como o alto número de temporais que houbo no último ano provocaron unha situación crítica que obriga a establecer un plan para garantir a estabilidade dun produto que representa máis dun terzo da actividade pesqueira artesanal, e da que viven directa e indirectamente miles de familias.

Ademais, existe outra seria ameaza e contra a cal a veda non pode facer fronte, como é a do furtivismo. De nada servirá establecer a veda se o produto continua a ser capturado sen control polos furtivos.

Pero o stock non é o único problema. A apertura dunha veda, e as consecuencias derivadas das posibles accións posteriores orientadas a rexenerar e garantir a continuidade da especie, terán efectos altamente negativos naquelas persoas cuxos ingresos dependen da pesca de polbo.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/05/2018 13:45  
Nº Rexistro: 30559  
Data envío: 07/05/2018 13:45:46.412



Dende En Marea concordamos ca decisión de vedar a súa pesca , pero instamos á Consellería a formular un plan integral que garanta a longo prazo o bo estado da especie, pero non podemos deixar de criticar a ausencia de axudas para aquelas persoas cuxos ingresos dependían directamente destas capturas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Comisión**

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a :

- 1.- Promover a aprobación dun Plan Integral que garanta a recuperación do stock de polbo galego a medio-longo prazo.
- 2.- Combater axeitadamente a práctica do furtivismo, ante a cal moitas das medidas propostas como a da veda perden a súa efectividade
- 3.- Subvencionar nos períodos de veda a aqueles traballadores e traballadoras cuxa fonte de ingresos fundamentais era a captura de polbo galego, e que se verán afectados negativamente pola veda.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga  
Deputada e Voceira S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/05/2018 13:45**  
**Nº Rexistro: 30559**  
Data envío: 07/05/2018 13:45:46.412

**Carmen Santos Queiruga na data 07/05/2018 13:44:10**

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 15.06.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 31111(10/PNC-002509)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de contaminación lumínica do litoral de Galicia

*Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/05/2018 09:53  
**Nº Rexistro: 31111**  
Data envío: 18/05/2018 09:53:57.534



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Julia Torregrosa Sañudo e Carmen Santos Queiruga** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.ª**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A contaminación lumínica e acústica no litoral é un feito que conleva serios problemas tanto para o noso ecosistema mariño como para aquelas persoas que viven do bo estado do mesmo, como os mariñeiros ou as mariscadoras.

Son moitos os estudos científicos que constatan este tipo de influencias e a día de hoxe carecemos de ningún informe público sobre o seu impacto concreto no litoral galego, onde a contaminación deste tipo parece considerablemente grave nas rías baixas. Unha simple ollada ás imaxes sobre luminosidade nocturna presentadas pola NASA en 2016 debería facer saltar todas as alarmas.

Se Galicia pretende seguir sendo unha potencia pesqueira e marisqueira, e se pretendemos manter un produto de alta calidade valorado en todo o mundo, a preocupación da institución autonómica por este tipo de contaminación tan negativa para a nosa biodiversidade debería estar á altura.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.ª**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a :



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/05/2018 09:53  
Nº Rexistro: 31111  
Data envío: 18/05/2018 09:53:57.534



- 1.- Elaborar de forma periódica informes sobre o estado da contaminación lumínica no litoral galego.
- 2.- De detectarse niveis de contaminación que puidesen resultar perigosos para nosa biodiversidade marítima, realizar as accións correspondentes para a súa redución.
- 3.- Manter en todo o momento aos sectores pesqueiro e mariñeiro informados da situación, do estado do litoral e das accións a tomar.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,  
Julia Torregrosa Sañudo  
Carmen Santos Queiruga  
Deputadas e Voceira S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 18/05/2018 09:50:15**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 18/05/2018 09:50:24**

**Carmen Santos Queiruga na data 18/05/2018 09:50:34**

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 15.06.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7 31125(10/PNC-002512)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración polo Goberno galego no ano 2018 dun plan de choque para evitar a perda da poboación ocupada que está a padecer o sector pesqueiro, segundo os datos da Enquisa de poboación activa correspondente ao primeiro trimestre de 2018

*Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O despoboamento é o maior problema en Galicia. Dende que goberna o Partido Popular perdemos 85.000 persoas. Só o ano pasado 10.000 persoas. As proxeccións a curto prazo do IGE presentan un panorama desolador. Para o ano 2031 unha perda de 231.000 persoas.

Na actualidade en Galicia existe un desequilibrio demográfico claramente marcado: mentres que a poboación se acumula nas áreas urbanas, nos concellos do rural a perda é alarmante. A base da pirámide de Galicia estréitase ano tras ano, especialmente para os menores de 30 anos.

Nesta situación, a pesca representa un papel fundamental na fixación de poboación. Non obstante, os datos da EPA Galicia, amosan unha perda de 4.400 persoas ocupadas entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro de 2018. Nun só ano reduciuse un 21 % o número persoas ocupadas neste sector. A pesca é o sector que no último ano perdeu máis poboación ocupada. Os datos son especialmente negativos para o caso das mulleres, xa que a redución representa un 31 %, todo iso a pesar de que a conselleira do Mar repite constantemente que a situación da muller no mar, é mellor, a pesar de que os datos indican o contrario.

Total	Total	Homes	Mulleres
2017/I	20,8	15,03	5,5
2018/I	16,4	12,6	3,8
		- 18 %	-31 %

O relevo xeracional non está garantido e iso deixa máis de 4.400 embarcacións sen unha alternativa de futuro.



## Grupo Parlamentario

Isto é unha realidade que temos en Galicia, resultado das políticas de abandono dun Goberno que está a arranxar fochancas no canto de facer país. Un Goberno que no ano 2017 executou unicamente un 37 % do programa 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Medidas como o seguro do mal tempo, os investimentos en seguridade -concretamente sistemas antiafundimento, que manteñan a frote as embarcacións no caso de sinistro-, sistemas de localización, son problemas pendentes que nunca atopan solución e xeran inseguridade nas persoas do mar.

Fronte á dureza do traballo no mar, os ingresos acadados coa actividade non se corresponden co esforzo, de tal xeito que os ingresos da actividade non son suficientes para compensar os custes que a actividade orixina. O escenario aínda empeorará de implantarse o sistema de ITQs para o Plan de xestión do Cantábrico, cuestión que preocupa enormemente ao sector. O Goberno galego parece obviar o principio de cautela, por non ter en conta as consecuencias que tería para a nosa frota. O propio sector advirte que este sistema ten por obxecto claramente a redución de frota e que abre a porta á especulación e á privatización.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan de choque dentro do ano 2018 que determine as accións a levar a cabo para evitar a caída de poboación ocupada que sofre o sector da pesca galega, de acordo cos datos da EPA do primeiro trimestre de 2018.

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2018



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/05/2018 10:00**  
**Nº Rexistro: 31125**  
Data envío: 18/05/2018 19:15:36.242



---

 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 18/05/2018 19:13:04**

**Julio Torrado Quintela na data 18/05/2018 19:13:15**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/05/2018 19:13:22**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 15.06.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.8 31651(10/PNC-002566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a elaboración e posta en marcha polo Goberno galego no ano 2018 dun plan especial de sostibilidade e aproveitamento da ría de Arousa cunha partida orzamentaria específica

*Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018*



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

A ría de Arousa é a máis extensa das rías galegas e resulta incalculable o seu valor en termos medioambientais e de impacto social e económico, tanto pola produción de cultivo marisqueiro como pola potencialidade turística asociada que conleva.

Non entanto, a aposta da Xunta de Galicia por este enclave xeográfico non resulta convincente nos últimos anos. A existencia de problemas de depuración e saneamento de contornos urbanos que non son debidamente tratados e repercuten na ría, a falla de conciencia dende a administración autonómica sobre os problemas que se poden causar sobre a ría, o desleixo no tratamento e mantemento de diversos espazos estratéxicos e a tímida aposta polo reforzo medioambiental fan que a Ría de Arousa se atope desaproveitada en termos de produción e con problemas de corte medioambiental.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o TJUE por non existir garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversos puntos de Galicia, pola falla dun sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Xa en 2013 se producira un informe de amoestación, con avisos de sancións sobre os futuribles fondos Feder, entre outras cuestións, e España foi sancionada polo estado das rías galegas. Sobre a ría de Arousa recaen os problemas sinalados da errónea depuración de augas residuais urbanas de Ribeira ou Santiago de Compostela, cuxos problemas se trasladan de maneira directa ou indirecta a través do curso fluvial do Ulla.





O Goberno ten respondido en varias ocasións que leva investidos, dende 2009, máis de 30 millóns de euros na ría de Arousa e que serán máis de 70 millóns cando remate o ano 2020, ano no que todas as obras estarán feitas ou en execución. Mais os resultados non se aprecian: o estado das rías afecta de maneira directa á produción marisqueira, que se ve diminuída cada ano e redonda na perda de permisos de explotación marisqueira de maneira continuada. En Galicia, os permisos caeron nun 40 % dende a chegada do Goberno do presidente Feijóo, quedando xa en menos de 4 000 cando en 2009 estaban por riba dos 6 500. A maior parte desta caída dáse na ría que concentra o maior número dos permisos, que é a de Arousa. A produción do libre marisqueo concluíu nesta última campaña por debaixo dos 400 millóns de toneladas, caendo un 25 % respecto do ano pasado.

O aproveitamento do potencial turístico e medioambiental da ría de Arousa non conta con mellor sorte. A inclusión da Illa de Cortegada e de Sálvora no Parque Nacional Illas Atlánticas podería ter sido un elemento de dinamización, mais a realidade é que son os concellos os que están a pular por manter en valor estes espazos, mentres que a Xunta de Galicia sacou adiante o Plan reitor de usos e xestións do parque moitos anos despois do prazo marcado e sen ter en conta observacións dos concellos ou das asociacións medioambientais. No mesmo sentido, os espazos baixo distintas figuras de protección medioambiental non están sendo axeitadamente coidados, como ocorre no caso da ensenada de Os Pasales, no linde entre Sanxenxo e Meaño, zona de especial conservación e que forma parte do espazo protexido do complexo intermareal Umia-O Grove.

A potencialidade da ría de Arousa en todas as súas perspectivas permitiría promover unha aposta estratéxica de calado, que permitise referenciar o entorno natural privilexiado e a súa conexión social e económico coa contorna, contribuíndo isto a un pulo de dinamización da comarca de moito interese.



**Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e poñer en funcionamento, ao longo deste ano 2018 e cunha partida orzamentaria específica, dun Plan Especial de Sostenibilidade e Aproveitamento da Ría de Arousa, que desenvolverá as seguintes medidas:

- a) Depuración e saneamento:
  - a. Realizar un plan de control de vertidos en toda a ría de Arousa.
  - b. Realizar un estudo de investigación sobre o estado da ría de Arousa e sobre a calidade das súas augas que conte coa participación de membros da administración autonómica, das universidades galegas e de expertos externos no caso de ser necesario, que poida determinar as fontes de contaminación existentes que a afectan e a medida en que cada unha contribúe a esta degradación e que inclúa as medidas necesarias que puideran ser tomadas para eliminalas ou palialas.
  - c. Acordar cos concellos que teñan depuradoras que afecten á ría de Arousa un plan de investimentos real e realista sobre as posibilidades de melloras en infraestruturas destinadas a saneamento para os vindeiros anos, comprometendo nominalmente as partidas necesarias nos orzamentos anuais da Xunta de Galicia.
- b) Producción marisqueira:
  - a. Coordinar coas confrarías da ría de Arousa unha solución acordada e eficiente para o mantemento, xestión e aproveitamento das zonas de libre marisqueo, que permita planificar a medio e longo prazo as medidas necesarias para aumentar a produción e extracción.
  - b. Realizar as intervencións necesarias a curto prazo nos Lombos do Ulla para a retirada de area que permita aumentar as zonas de navegación e de produción marisqueira.
  - c. Ofrecer as confrarías da Ría de Arousa e aos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia un informe que recolla a evolución da produción marisqueira nos últimos 10 anos da ría de



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Arousa e o análise da Xunta de Galicia sobre as causas da variabilidade na contía e calidade do produto, facendo especial fincapé sobre as zonas dos Lombos do Ulla, Cabío e o Bohido.

d. Clarificar e informar debidamente sobre as perspectivas da Xunta de Galicia conforme aos futuros marcos normativos sobre acuicultura e xestión de espazos marisqueiros.

c) Protección medioambiental:

a. Diseñar e poñer en marcha un plan de recuperación da ensenada de Os Pasales de Sanxenxo-Meaño, que permita manter a calidade medioambiental necesaria para a zona, freando a intención de sobrecargar a EDAR de Meaño-Os Pasales coa conexión do polígono de Nantes.

b. Incluír no Plan Reitor de Usos e Xestión do Parque Nacional Illas Atlánticas unha zona de reserva para a Illa de Cortegada coa intención da protección do bosque de sauces e loureiros e o coidado de flora autóctona.

c. Elaborar un plan de posta en valor da Illa de Cortegada que procure a creación dun centro de interpretación, recupere os espazos da capela, realice unha intervención para limpar de maleza e coidar os camiños interiores da illa, elabore un protocolo de actuación contra incendios e dote dos medios necesarios para afrontar a rápida extinción.

d. Acordar co Concello de A Illa de Arousa unha labor de retirada de especies invasoras no parque de O Carreirón, para preservar a súa riqueza medioambiental autóctona, e desenvolver as medidas necesarias para evitar na maior medida posible a implantación de novas especies que poidan resultar dañinas para o entorno.

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 30/05/2018 17:46:57**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 30/05/2018 17:47:06**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/05/2018 17:55**  
**Nº Rexistro: 31651**  
Data envío: 30/05/2018 17:55:07.149



---

 [Grupo Parlamentario](#)

**Raúl Fernández Fernández na data 30/05/2018 17:47:13**

**María Luisa Pierres López na data 30/05/2018 17:47:17**

**María Dolores Toja Suárez na data 30/05/2018 17:47:22**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/05/2018 17:47:28**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---